

A photograph of a city skyline at night, with several skyscrapers illuminated against a dark blue sky. The lights from the buildings are reflected on a body of water in the foreground, creating a shimmering effect. The scene is framed by a white rectangular box containing the title.

5. Os procesos de urbanización

Para comezar

- Vives nun espazo rural ou urbano? Que é o que distingue o espazo onde vives doutros espazos?
- Canta xente vive en cidades? Cantas persoas viven nas cidades máis grandes do planeta?
- No mundo hai máis xente vivindo en cidades ou no campo? E no teu concello?
- Onde preferirías vivir, no campo ou na cidade? Por que?

A expansión do hábitat urbano

«Por mor das oportunidades económicas e culturais que ofrece, a cidade é un escenario privilexiado para as relacións humanas. Asemade, as cidades enfrontan desafíos: a distribución equitativa da riqueza, a convivencia, a redución do seu impacto no medio ambiente...

Porén, o esvaecemento da diferenza entre o mundo urbano e o rural leva un ritmo diferente en distintas partes do mundo. [...] A gran maioría da humanidade está sendo absorbida pola vida urbanizada.»

David Harvey, *Cidades rebeldes*, 2013.

O noso proxecto



O noso proxecto

Sabías que o alumeado nocturno das cidades provoca [contaminación luminosa](#)? Esta forma de contaminación, ademais de supoñer o desbaratamento de enerxía, interfire gravemente coa [observación espacial](#).

Na páxina de [Meteogalicia](#) e na da [Rede Española de Estudos sobre a Contaminación Lumínica](#) podedes consultar os índices de contaminación luminosa das cidades galegas e españolas. Tede en conta que os valores deberían oscilar entre 18 e 22 mag/arcsec², que son as medidas dunha noite con lúa e dunha noite sen lúa (máis escura), respectivamente. Polo tanto, canto menor é o índice, maior é a contaminación luminosa.



Alumeado nocturno en Galicia.

Nesta ocasión crearedes dous grupos, ambos os grupos asumiredes o papel dos técnicos dun concello da Galicia urbana que loita contra a contaminación luminosa nas súas rúas. Tres son os temas de traballo sobre os que teredes que tratar:

No **primeiro tema**, recolleredes exemplos reais de rúas onde se estea a estragar alumeado público e crearedes unha cuña informativa onde se explique onde se localiza o problema e en que consiste, así mesmo deberedes expoñer algunha solución. Poden serviros de utilidade estas [páxinas](#), con [exemplos](#) de [iluminación viaria incorrecta](#). Loxicamente, deberedes traballar sobre un plano da cidade que escollades.

No **segundo tema** trataredes de trazar un novo plano de alumeado da cidade. Antes de trazalo, estudaredes os pros e os contras de reducir -ou mesmo apagar- o alumeado público a determinadas horas da noite. As propostas de redución do alumeado público deben recoller solucións diferenciadas por barrios e razoar as propostas adoptadas. Para facer este traballo, deberedes empregar o plano da cidade que escollestes e ter en conta os distintos usos do solo en cada un dos barrios.

Ambos grupos actuaredes como asesores no **terceiro dos temas**. Este consiste en redactar un discurso no que o alcalde da cidade anuncia e xustifica as medidas de redución do alumeado. Nesta noticia podedes comprobar os argumentos cos que Joan Ribó, alcalde de Valencia desde

2015, se comprometeu a [actuar contra a contaminación luminosa](#) na súa cidade. Co resultado gravaredes unha cuña informativa na que se recollan os puntos principais do discurso.


Aquí tes un documento para avaliar o teu traballo e o do teu grupo.

Un mundo de cidades

A evolución da poboación urbana


Uns 4.500 millóns de persoas vivían en espazos urbanos no 2020. É case o 60% da poboación mundial. Porén, a poboación urbana non adiantou á rural ata 2005. De feito, en 1950 aínda vivían no campo dúas de cada tres persoas.

A POBOACIÓN URBANA E RURAL DO MUNDO, 1950-2030



Poboación urbana e rural no mundo, 1950-2030.

As sociedades preindustriais eran sociedades rurais. Calcúlase que só unha de cada dez persoas moraba en cidades ata o século XVIII. A industrialización provocou que moitos campesiños se trasladasen ás cidades. Estas absorberon a maior parte do crecemento da poboación provocado polo paso ao **régime de transición demográfica**. Nun principio o éxodo rural reducíase ás cidades occidentais pero, desde o final da II Guerra Mundial (1945), as cidades do terceiro mundo protagonizaron o proceso de urbanización.



Porcentaxe de poboación urbana por Estados e localización das grandes aglomeracións.

Nas sociedades do primeiro mundo viven en cidades tres de catro persoas. Esa proporción crece a pouca velocidade desde finais do século XX, porque o transporte privado permite que moitas persoas residan no campo e traballen na cidade.

En Latinoamérica a proporción de habitantes urbanos é semellante á dos países do primeiro mundo. A poboación europea que chegou nas vagas migratorias do século XIX e primeira metade do XX concentrouse en grandes cidades. Nos últimos cincuenta anos estas cidades atraeron unha gran cantidade de poboación rural.

Asia e África son responsables do incremento da poboación urbana nas últimas décadas. A miseria das súas áreas rurais é tan grande que moitos campesiños deciden vender as súas poucas terras e probar fortuna nas cidades. Polo momento ambos continentes teñen máis poboación rural que urbana, mais esta proporción hase inverter nos próximos vinte anos^[1]. Para finais de século, as súas porcentaxes de poboación urbana non andarán lonxe das dos países desenvolvidos.



Poboación de grandes cidades mundiais en 1950, 2005 e 2025.

As cidades segundo o seu tamaño

As cidades máis pequenas –aquelas que teñen menos dun millón de habitantes– concentran máis da metade da poboación urbana do mundo. Con todo, a súa importancia relativa está a baixar: en 1990 supuñan dous terzos da poboación urbana.



Fonte: United Nations, *World Urbanization Prospects: The 2014 Revision*.

Número de cidades polo tamaño e a poboación en 1990, 2014 e 2030.

As grandes aglomeracións urbanas –aquelas con máis dun millón de habitantes– teñen cada vez máis peso na poboación e na creación de riqueza. As **megacidades** son un fenómeno espectacular: no 2014 vinte e oito aglomeracións urbanas superaban no mundo os 10 millóns de habitantes. Entre todas xuntaban 450 millóns de persoas.

As megacidades son fundamentalmente asiáticas: Toquio, a máis grande, tiña 38 millóns de habitantes no 2014. Delhi (India) e Shanghai (China) non andaban lonxe dos 25 millóns. Pódese ver que son as cidades chinesas e as indias as que máis medran, de feito, para o ano 2030 está previsto que Shanghai teña 30 millóns e Delhi 35 millóns de habitantes.

Toquio, pola súa banda, sufrirá un pequeno retroceso demográfico: terá 37 millóns de persoas no 2030. Este retroceso demográfico é un fenómeno común a moitas das megacidades latinoamericanas e do primeiro mundo. México, São Paulo, Nova York, Bos Aires ou París frearon en seco o seu crecemento nos últimos dez anos.



Sabías que...?

Ata o século XIX case ningunha cidade da historia superara o millón de habitantes. Velaquí tes a

poboación que acadaron algunhas das cidades máis grandes do mundo antes da industrialización:

Çatalhöyük (Catal Huyuk): situada na actual Turquía, estímase que foi a maior cidade do Neolítico, acadou os dez mil habitantes no 7000 a.C.

Babilonia: pénsase que foi a primeira cidade en superar os 200 000 habitantes. Ocorreu contra o 600 a.C.

Roma: entre os séculos I e III d.C. a súa poboación oscilou arredor do millón de habitantes.

Xi'an: a capital da China antiga debeu pasar do millón de habitantes entre os séculos VII e X, nos tempos da Ruta da Seda.

Constatinopla: nunca excede o millón de habitantes durante os mil anos que foi capital do Imperio bizantino.

Córdoba: a maior cidade de Europa na Idade Media andou polo medio millón de habitantes a finais do século X.

Cusco: aínda que hai moitas discrepancias entre os expertos, a maior cidade da América precolombina non debeu de superar os 250 000 habitantes a inicios do século XVI, no momento do seu máximo esplendor.

Tombuctú: foi a maior cidade da África subsahariana ata a colonización europea. 100 000 habitantes vivían dentro das súas murallas no século XIV, cando era capital do Imperio malí.



O viaxeiro alemán Heinrich Barth dispónse a entrar en Tombuctú no ano 1853.

A cidade: un concepto cambiante

Ao longo da historia o concepto de **espazo urbano** foi cambiando. Por exemplo, na Idade Media a cidade era un espazo delimitado por murallas en cuxo interior había edificios senlleiros, como a catedral ou a Casa do Concello. Nos nosos días as fronteiras entre ambos espazos a miúdo esváense.

Para distinguir un espazo urbano do espazo rural empregamos estes criterios:

Poboación

É o criterio que empregan a maior parte dos países. En España defínese como *cidade* a todo núcleo de poboación que supere os 10 000 habitantes. Outros países, como Xapón, establecen o mínimo en 30 000 habitantes, mentres que nos países escandinavos o mínimo está en 200 habitantes.

Elevada densidade de poboación

A presenza de edificacións de varios andares, moi próximas entre si, fai que nas cidades a densidade de poboación sexa, como mínimo, superior aos 1000 hab/Km².


Densa rede de infraestruturas de transporte

As cidades posúen unha extensa rede de vías públicas, que permiten o desprazamento de persoas e vehículos tanto dentro do núcleo urbano como cara ao exterior do núcleo. Así mesmo, adoitan ter amplas infraestruturas de transporte, como estacións de buses e ferrocarrís, portos, aeroportos, conexións con autoestradas, etc.

Elevada porcentaxe de poboación empregada no sector secundario e terciario

Nas áreas urbanas case toda a poboación activa está ocupada nos sectores secundario e terciario. As cidades acaparan as áreas comerciais e industriais, así como os servizos educativos ou médicos e as institucións políticas, onde os salarios adoitan ser máis elevados.

Distribución da economía de Boston



Distribución da poboación activa en Boston por sectores económicos.

Actividades

1. Nesta [animación](#) consulta a evolución da poboación urbana nos países do mundo.

Escolle dous países, un do primeiro mundo e outro do terceiro mundo e realiza un gráfico de columnas coa evolución da súa poboación urbana entre 1950 e 2030. Podes facelo no teu caderno ou nunha folla de cálculo.


Cando remates, describe a evolución da poboación urbana en ambos países: Cal rexistrou maior e menor crecemento respectivamente? A que cres que se debe?

A seguinte [ligazón](#) pode axudarche a realizar o gráfico nunha folla de cálculo.

2. Traballa con tres ou catro núcleos de poboación que coñezas ben. Enche un cadro cos seus datos urbanos, como os que ves no exemplo, e decide se se poden ou non considerar cidades.


Núcleo de poboación	Poboación	Densidade (Hab/km ²)	Infraestruturas	Funcións	Cidade
Londres	10 000 000 hab. (Gran Londres)	5500	Metro. Autoestradas. Aeroportos (6). Porto. Etc.	Capital do Reino Unido. Financeira. Comercial. Científica. Etc.	Si
Carballo (A Coruña)	20 000 hab. (Núcleo urbano)	5000	Autoestrada. Autobuses. Rede viaria urbana. Etc.	Capital de Concello. Comercial. Educativa.	Si.

3. Procuramos as megacidades! No mapa das aglomeracións urbanas no mundo, numera as megacidades e o Estado no que se atopan.



- | | |
|---|---------------------------|
| ___ Manila. Filipinas. | ___ Los Ángeles. EE.UU. |
| ___ Cidade de México. México. | ___ Xacarta. Indonesia. |
| ___ Nova York. EE.UU. | ___ Moscova. Rusia. |
| ___ Tokio. Xapón. | ___ Nueva Delhi. India. |
| ___ Londres. Reino Unido. | ___ Bos Aires. Arxentina. |
| ___ Kinsasha. República Democrática do Congo. | ___ São Paulo. Brasil. |

4. Procuramos as megacidades! No mapa das aglomeracións urbanas no mundo, numera as megacidades e o Estado no que se atopan.



_____ Río de Xaneiro. Brasil.

_____ Istambul. Turquía.

_____ Karachi. Paquistán.

_____ Daca. Bangladesh.

_____ Manila, Filipinas.

_____ O Cairo. Exipto.

_____ Lagos. Nixeria.

_____ Bombai. India.


_____ Pequín. China.

_____ Osaka. Xapón.

↑[1]

Evolución da poboación urbana

EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN URBANA, 1975-2010 (ONU)



Evolución da poboación urbana

A vida urbana

A cidade difusa

As cidades modernas medran ata absorberen outras cidades e vilas máis pequenas que xa existían nos arredores. Os habitantes dunha área metropolitana desprázanse decenas de quilómetros a diario para traballar, estudar ou gozar do seu tempo libre.


As áreas metropolitanas están compostas por unha cidade central rodeada de cidades satélite. A densidade de poboación diminúe a medida que nos afastamos da cidade central. Ademais, entre a cidade central e as cidades satélite pode haber pequenos espazos sen edificacións ou destinados ás grandes infraestruturas de transporte.



As fotografías da Terra na noite serven para comprobar a situación e extensión das áreas metropolitanas e as megalópoles.

A miúdo varias áreas metropolitanas están tan próximas^[2] entre si que establecen fortes relacións económicas: forman unha megalópole. Este termo utilizouse por primeira vez hai cincuenta anos para describir o conxunto de áreas metropolitanas na costa leste dos Estados Unidos, desde Boston ata Philadelphia, con centro en Nova York.

Nesta área, duns 500 quilómetros de lonxitude, viven hoxe en día uns 55 millóns persoas. Polo xeral, a capacidade das cidades para xerar riqueza segue un efecto de escala. As cidades moi grandes [adoitan ser moi caras](#), mais tamén ofrecen máis oportunidades de ascenso social aos seus habitantes.



As 50 cidades con maior PIB en 2007 e 2025.

De momento as cidades do primeiro mundo xeran moita máis riqueza que as do terceiro mundo. Tamén reparten esa riqueza de maneira máis equitativa entre os seus habitantes.

As súas empresas son referencia para o capitalismo mundial. Nos próximos anos, porén, quizais as cidades asiáticas desbancarán ás cidades europeas e estadounidenses como centros reitores da economía mundial.

As cidades: oportunidades

A relevancia da poboación urbana no noso mundo convirte ás cidades no elemento principal de dinamización da economía. As decisións que se toman nas grandes megalópolis afectan a todo o mundo, mais as cidades pequenas prestan servizos básicos ás áreas rurais que teñen ao redor.



Sabías que...?

Nas grandes bolsas mundiais (Sidney, Londres, Shanghai, Toquio, Nova York) négóciase as **accións das maiores empresas** do mundo. Tamén se negocia o prezo dos metais, dos alimentos e de materias primas como o petróleo. Se o prezo destes produtos sobe nas bolsas, subirá tamén cando os vaíamos mercar.

A bolsa de Nova York coñécese como *Wall Street*, polo nome da rúa en que se sitúa. É sen dúbida a bolsa máis importante do mundo: aínda que as cifras son moi variadas segundo as fontes, estímase que neste mercado móvense todos os días 100 000 millóns de dólares. Se a bolsa de *Wall Street* sobe é síntoma do crecemento da economía; se *Wall Street* se afunde, caen con ela as demais bolsas.

Autoría: [Joseph Sohm](#) / [Shutterstock](#)



O *Pozo*, na Bolsa de Chicago. Neste lugar determínase o prezo dos alimentos mundiais.

As cidades, por pequenas que sexan, conteñen densas áreas industriais e comerciais, responsables da fabricación e intercambio de produtos. Cando falamos do **éxodo rural**, sinalamos como a poboación do campo se desprazaba ás cidades atraída polo traballo no sector secundario e terciario. Estes sectores ofrecen, polo xeral, empregos máis cualificados –e, polo tanto, con salarios máis altos e tarefas menos duras– que o sector primario.

As **infraestruturas de transporte** das cidades permiten a circulación rápida e masiva de mercadorías e persoas, que poden viaxar en poucas horas á outra punta do planeta. As autoestradas, as vías de ferrocarril, os portos e os aeroportos son responsables da moderna economía globalizada.

As cidades son o centro da actividade **científica e intelectual** e dos medios de comunicación de masas. A cultura urbana occidental está hoxe presente en todo o mundo grazas á televisión ou Internet. Os avances científicos melloran o benestar da poboación a través das universidades e os hospitais.

As cidades: conflitos

Sabemos xa que as cidades teñen un efecto positivo sobre os seus habitantes e as áreas próximas. Ora ben, tamén é certo que, sen unha adecuada intervención da cidadanía e do poder político, as cidades poden ter un crecemento monstruoso.

Cando os habitantes dunha cidade están separados por fortes desigualdades económicas aparecen problemas de **chabolismo**. Este problema resulta especialmente grave nas cidades do terceiro mundo. Nestes barrios as vivendas carecen de auga corrente e electricidade. Os seus habitantes chegan das áreas rurais próximas e instálanse en solares dos que non son propietarios; polo que en calquera momento as autoridades poden decidir desaloxar estes barrios de chabolas.



As favelas esténdense polos montes próximos a Rio de Xaneiro, rodeando o centro da cidade.

Nas cidades do primeiro mundo a desigualdade tradúcese en **segregación urbana**. Certos barrios convértense en guetos onde se acumula a poboación inmigrante ou as minorías raciais, como sucede cos **barrios latinos e negros** das grandes cidades estadounidenses.

As zonas máis desfavorecidas da cidade teñen altos índices de paro e criminalidade. Os seus habitantes teñen unha escasa cualificación académica, polo que deben ocuparse

en traballos con salarios moi baixos. En ocasións a desigualdade dexenera en violentas revoltas urbanas, con destrución do mobiliario urbano e saqueos de tendas.

A vivenda é moi cara nas cidades, de aí os fenómenos de **especulación inmobiliaria**. Nos momentos de crecemento económico, o prezo da vivenda sobe sen cesar, porque moitos compradores esperan para vender a prezos elevados. Isto impide que moitas persoas poidan acceder a unha vivenda, mesmo en alugueiro. Noutras ocasións, o elevado prezo da vivenda expulsa dos barrios máis caros ás persoas con menos recursos, intensificando desta maneira a segregación ou o chabolismo.

O **medio ambiente** preocupa ás grandes cidades. Cando medran sen control, eliminan terras fértiles e contaminan as augas e os solos. Ademais é necesario organizar a recollida e o tratamento do lixo. Estímase que nos países desenvolvidos, cada un dos habitantes das cidades xera uns **dous quilos e medio de lixo** cada día.

A outra gran fonte de contaminación urbana son os transportes, en especial os coches particulares. O transporte privado non só contamina o aire, senón que provoca atoamentos quilométricos e contaminación acústica.



Sabías que...?

O aire das grandes cidades é decote irrespirable. O fume dos tubos de escape e das industrias, mais tamén o dos motores dos equipos de climatización dos fogares, xera enormes campás de **smog**. Este aire contaminado é responsable da morte de miles de persoas ao ano nas grandes cidades, especialmente anciás, por complicacións respiratorias.

Cada vez son máis as cidades que **limitan o acceso aos vehículos** para rebaixar os niveis de polución. Os concellos tratan de potenciar o uso da bicicleta e dos transportes colectivos. Tamén se busca concienciar á cidadanía para que consuma a menor cantidade de enerxía posible a través da calefacción ou do aire acondicionado.



Unha muller viste unha máscara mentres circula no metro de Shanghai, envolto en *smog*.

Actividades

1. As cidades son a sede do poder financeiro e empresarial. Neste enlace podes [consultar as cincuenta compañías](#) máis grandes do mundo e as oito primeiras españolas polo valor en Bolsa.

Escolle dez compañías de ao menos 5 países distintos, e consigna nunha táboa como a do exemplo o sector económico no que traballan e o seu capital bolsista. Procura en Internet a cidade onde está a súa sede central.

As grandes compañías do mundo

Compañía	Sector	Sede	Valor (millóns de €)
Exxon	Petróleo	Irving (Texas)	300 000
Santander	Banca	Santander/Madrid	72 000

2. As cidades mundiais, en especial as máis poboadas, padecen serios problemas de contaminación, convivencia e planificación. Realiza unha galería fotográfica que illustre estes problemas.

Lembra poñerlle a cada fotografía un breve pé de foto no que:

- Describas o problema urbano ao que te refires.
 - Especifiques a cidade na que se tirou a fotografía e, de ser o caso, a data.
 - Documentes o autor ou o portal de Internet do que tiraches a fotografía.
3. Neste enlace podes ver a área metropolitana de Madrid^[3]. Á cidade central súmanse unha serie de cidades satélite: Majadahonda, Alcobendas, Torrejón, Getafe, etc.

Viaxa con [Google Earth](#) a unha gran cidade do mundo da túa escolla e trata de recoñecer os límites da cidade central e as súas cidades satélite.

4. Le este texto sobre os barrios de chabolas e sinala se os enunciados de embaixo son verdadeiros ou falsos.

«Os barrios de chabolas son un produto da Revolución Industrial. Non é que antes non houbera arrabaldes pobres e marxidados, senón que a difusión que comezaron a ter no XIX era descoñecida. A palabra *slum*, que antes significara negocio sucio, pasou a designar eses lugares que medraban nas marxes de Londres, Manchester, Dublín, París, Calcuta ou Nova York. Na primeira metade do XX os barrios de chabolas fixéronse raros no primeiro

mundo e, a partir dos sesenta, floreceron no terceiro mundo cun raro ímpeto. Foron responsábeis dun dos grandes cambios dos últimos anos: por primeira vez hai máis persoas a vivir nas cidades que no campo».

- a. Antes da Revolución Industrial non existían barrios de chabolas.

Verdadeiro

Falso

- b. Os barrios de chabolas naceron coa Revolución Industrial.

Verdadeiro

Falso

- c. Os barrios de chabolas nunca existiron no primeiro mundo.

Verdadeiro

Falso

- d. Os barrios de chabolas crecen sen control no terceiro mundo desde os anos sesenta.

Verdadeiro

Falso


- e. Os barrios de chabolas das cidades éñchense con inmigrantes que proveñen do campo.

Verdadeiro

Falso

↑ [2]

Megarexións emerxentes



Megarexións emerxentes nos Estados Unidos

↑ [3]

Área metropolitana de Madrid




Área metropolitana de Madrid

As cidades europeas

Evolución da poboación urbana en Europa


Europa foi un dos primeiros continentes do mundo en industrializarse e, por tanto, en gañar poboación urbana. A inicios do século XIX só o 15% da poboación de Europa Occidental vivía en cidades, namentres en Europa Oriental a poboación urbana sumaba pouco máis do 5%. En 1900 a poboación urbana da Europa máis rica, a occidental, aproximábase xa ao 50%.

Co final da II Guerra Mundial as cidades europeas experimentaron un novo proceso de crecemento acelerado que fíxose máis moderado cara 1980. Na actualidade viven en cidades case o 75% dos europeos. Esta porcentaxe segue a ser maior en Europa Occidental -moitos países superan o 80% da poboación urbana- que en Europa Oriental, onde as taxas de urbanización andan polo 70% da poboación total.



Densidade de poboación por rexións en Europa.

Cidades e pobos de Europa



Distribución das grandes cidades.


As cidades europeas segundo o seu tamaño

As cidades europeas concéntranse no eixo que une Manchester, no Reino Unido, con Milán, no norte de Italia. Canto máis nos aproximamos ao centro dese eixo maiores son as cidades e maior a súa concentración: só as áreas metropolitanas de París e Londres suman máis de 20 millóns de habitantes. O número de cidades e o seu tamaño descende a medida que nos afastamos desta liña, moi en especial cara o norte de Europa.

Só París, Londres, Moscova e Istambul teñen en Europa a categoría de **megacidades**. A rede urbana de Europa distínguese da do resto do mundo polo predominio das

ciudades de menos dun millón de habitantes; de feito, nelas viven máis do 75% dos europeos que residen en áreas urbanas.

Distribución da poboación segundo a variación de tamaño das cidades nas grandes áreas en 2014



Poboación urbana segundo o tamaño das cidades por continentes, 2014.

Xerarquía urbana

As **ciudades globais** son aquelas que teñen un peso político, económico e demográfico tan forte que as fai capaces de influír en todo o planeta. Londres sería a única cidade europea nesa categoría, ao mesmo nivel que Nova York, Toquio ou Pequín.

París, Moscova e Istambul estarían un chanzo por debaixo de Londres, sobre todo porque teñen moito menos poder financeiro. Nin as súas bolsas, nin as súas empresas, nin tampouco o poder adquisitivo dos seus habitantes, determinan o ritmo da economía mundial. Con todo, como o seu peso político e demográfico é considerable, poden ser consideradas **metrópoles internacionais**.

Como xa dixemos, en Europa predominan as cidades de mediano e pequeno tamaño. A non ser as catro cidades que xa destacamos, ningunha cidade europea predomina

sobre as demais cidades no continente.

Estas cidades son **metrópoles nacionais**, porque condicionan a actividade económica dos Estados dos que forman parte. Estas cidades adoitan exercer funcións específicas, en especial aquelas de menor tamaño. Berlín ou Madrid, por exemplo, destacan pola súa relevancia política: son capitais de dous grandes estados europeos. Bruxelas, como sede das institucións da Unión Europea, céntrase tamén na función política.



Sabías que...?

As cidades do norte e do centro de Europa son punteiras na creación de produtos tecnolóxicos e na investigación científica. Sucede coas cidades que se sitúan arredor da desembocadura do río Rin, como Ámsterdam e Rotterdam nos Países Baixos ou Essen e Colonia en Alemaña.



A Ponte da Torre de Londres, coa *City* ao fondo. Nas empresas financeiras da *City* traballan 300 000 persoas, mais no barrio só residen unhas 10 000.

A fortaleza de moitas cidades pequenas está no sector financeiro. As cidades suízas de Xenebra e Zúric non son moi grandes, mais centran boa parte do negocio bancario internacional. Algo parecido sucede con Francfort, en Alemaña, que é a sede do Banco Central Europeo.

Noutras cidades o sector turístico ten unha gran relevancia. Sucede así coas cidades mediterráneas: Florencia, Roma, Atenas... Outras basean a súa fortaleza na súa condición de eixos de comunicación, algo moi evidente nas redes de transporte marítimo: os portos de Marsella, Xénova, Liverpool ou Hamburgo rexistran enormes movementos de mercadorías.

O modelo de cidades medias e pequenas de Europa

A rede urbana europea era xa moi densa en tempos do Imperio romano (do século I a.C. ao V d.C.). A densidade urbana acrecentouse durante a Plena Idade Media, porque as cidades eran o escenario privilexiado do comercio e do ascenso social. Isto permitiu que se creasen un gran número de cidades en Europa, sen que ningunha delas destacase especialmente pola súa poboación, nin sequera co comezo da industrialización.

O moderado tamaño das cidades europeas permítelles manter unha boa calidade de vida. Os numerosos centros de atención médica e servizos educativos proporcionan benestar á poboación. As densas redes de transporte público (tren de proximidade, metro, autobuses, tranvías, etc.) minoran os problemas de circulación e a ampla presenza de espazos verdes reduce os problemas medioambientais.



Frankfort (Alemaña). Os rañaceos conviven co casco histórico e amplas zonas verdes.

Con todo moitas cidades europeas padecen serios problemas de desemprego, en especial entre a poboación nova. A poboación urbana empregada na industria en Europa era moi elevada e o paro case non existía. No último cuarto do século XX a reconversión industrial obrigou a pechar moitas empresas siderúrxicas, navais, mineiras ou automobilísticas.

En Europa a pobreza urbana e os fenómenos de chabolismo son menos acusados que nas cidades doutros continentes. Con todo, o desemprego fixo aumentar a desigualdade social nas cidades europeas. Certos barrios das grandes cidades convertéronse en guetos de inmigrantes e poboación marxinal. A [segregación](#) está detrás de moitos episodios de violencia e criminalidade que ameazan a convivencia nas cidades europeas.



Sabías que...?

As Eurociudades son un proxecto auspiciado pola Unión Europea para unir cidades próximas que pertencen a Estados diferentes. A idea é que estas cidades compartan servizos (equipamentos públicos, recollida e tratamento do lixo, promoción turística, etc.).

As cidades conseguen así mellores servizos cun menor gasto. En Galicia hai xa dúas Eurociudades, ambas compartidas con Portugal: Tui-Valença e Verín-Chaves. En breve debería incorporarse a terceira, que une Salvaterra e Monçõo.

Actividades


1. Realiza unha galería de fotografías cos aspectos máis salientables das cidades europeas que recollemos no apartado.

Non se trata de realizar unha guía turística. Poden aparecer monumentos, mais o que interesa de verdade é expoñer a razón de que as cidades europeas teñan unha alta calidade de vida e os factores que ameazan esta calidade.

Cada fotografía levará un breve pé de foto que inclúa os seguintes elementos:

- a. O problema urbano ao que a imaxe fai referencia.
- b. A cidade na que se tirou a fotografía e, de ser o caso, a data.
- c. O autor ou o portal de Internet do que tiraches a fotografía.

2. Identifica as principais cidades no mapa de aglomeracións de Europa.



___ Milán. Italia.

___ Lisboa. Portugal.

___ Estocolmo. Suecia.

___ Ámsterdam. Países Baixos.

___ Marsella. Francia.

___ Varsovia. Polonia.

___ Budapest. Hungría.

___ Kiev. Ucraína.

___ Istambul. Turquía.

___ Berlín. Alemaña.

___ Londres. Reino Unido.

___ Barcelona. España.

___ Atenas. Grecia.

___ Roma. Italia.

___ París. Francia.

___ Madrid. España.

As cidades españolas e galegas

A evolución da poboación urbana en España e Galicia

A poboación urbana en España segue unha evolución parella á do conxunto de Europa. A inicios do século XIX a poboación urbana en España andaba polo 10% da poboación total, e medra sen descanso ata 1980. O crecemento foi especialmente intenso nos anos da transición demográfica (1900-1975), polo éxodo rural que atraía o traballo nas fábricas e no sector servizos.


En 1980 vivían en espazos urbanos o 70% dos españois; porén, a porcentaxe de poboación urbana medra con menos forza desde entón: no 2020 achegábase ao 80%.

En Galicia o proceso aseméllase, se ben a porcentaxe de poboación urbana é sempre algo menor e o crecemento céntrase nos anos do franquismo (1939-1975). No 2020 só o 70% dos galegos vivían en municipios de máis de 10 000 habitantes.

O sistema de cidades en España

Un grupo de cidades conforma unha rede urbana cando mantén estreitas relacións de tipo económico ou social. En España diferéncianse **sete redes urbanas**, que nos

permitirán estudar as características das cidades españolas:



Principais cidades españolas e redes urbanas.

Rede levantina

Esténdese por toda a costa oriental, desde Cataluña ata Murcia. Contén unha cidade de gran tamaño e unha forte posición internacional, Barcelona. Outras cidades importantes nesta área son Valencia, Murcia ou Alacante.

Rede andaluza

Corre polo val do Guadalquivir e a costa de Andalucía, con Sevilla e Málaga como cidades destacadas. Tanto nesta rede como na anterior, son cidades que dependen en boa medida do turismo e da industria agrícola.

Rede atlántica galega

Esténdese pola costa galega, con Vigo e A Coruña como cidades destacadas.

Rede cantábrica

Espállase pola costa do Cantábrico, desde Asturias ata o País Vasco. A cidade máis relevante é Bilbao, que deixa atrás unha economía baseada na industria siderúrxica e naval para se transformar nun [centro de creación de alta tecnoloxía](#). Outras cidades importantes son Xixón, Santander ou Donostia.

Rede do val do Ebro

Con **centro en Zaragoza, esténdese polo val do Ebro**. Destácase por ser un eixo de comunicacións entre Madrid, Barcelona, Bilbao e a fronteira francesa.

A hipertrofia de Madrid


O interior de España apenas dispón de cidades relevantes. Como capital do Estado e sede de grandes multinacionais, a área metropolitana de Madrid congrega uns seis millóns de persoas. Desta maneira anula o crecemento doutras cidades próximas, o que se coñece como hipertrofia urbana.

As cidades insulares

As Baleares e as Canarias tampouco crean verdadeiras redes de cidades, senón que concentran a poboación nas capitais de provincia: Palma de Mallorca, Tenerife e Las Palmas. Trátase de cidades dependentes do fluxo turístico.

A rede atlántica galega

Ata o século XIX só A Coruña, Ferrol ou Santiago chegaran a superar os 10 000 habitantes. As cidades galegas gañaron poboación con lentitude ata o franquismo (1939-1975), cando creceron de maneira acelerada. Nos últimos trinta anos a poboación das [sete grandes cidades galegas](#) estancouse: a mocidade trasládase aos municipios limítrofes, onde a vivenda é máis barata.



Poboación de Ourense, 1900-2016.

Pola importancia da súa poboación e actividade económica só **Vigo** e **A Coruña** son cidades de primeiro nivel en Galicia.

- Vigo é a cidade galega máis poboada: aproxímase aos 300 000 habitantes. A industria automobilística, pesqueira e naval son os focos básicos da súa riqueza.
- A Coruña ten algo menos de 250 000 habitantes e unha economía baseada no sector servizos.

Outras cinco cidades andarían polos cen mil habitantes: Ourense, Lugo, Pontevedra, Santiago e Ferrol. As tres primeiras basean a súa relevancia na condición de capitais de provincia. Pola súa significación política e turística, Santiago destaca por enriba das demais. En canto a Ferrol, trátase dunha cidade moi castigada polo contracción do sector naval, que foi a base da súa riqueza ata a década dos oitenta.



Sabías que...?

As **ciudades intelixentes** (*smart cities*) son cidades que usan as novas tecnoloxías para reducir a contaminación, os problemas de tráfico ou o consumo enerxético. Nunha cidade intelixente, por exemplo, os condutores reciben nos computadores de bordo información en tempo real sobre o estado do tráfico e a ocupación dos aparcadoiros, de xeito que reduzan o tempo de desprazamento.

Todas as grandes cidades galegas se lanzaron nos últimos anos a desenvolver os seus proxectos de *smart city*. Podes visitar a páxina da **smart city da Coruña** se queres coñecer as horas de paso dos autobuses urbanos, os prezos nas gasolineiras, etc.

Resta por falar das numerosas vilas que completan o panorama urbano galego. Algunhas dispóñense **nas áreas metropolitanas** das grandes cidades: A Coruña e Vigo gañarían cada unha máis de cen mil habitantes se sumásemos os concellos das súas áreas metropolitanas.

Outras esparéxense onde non existen grandes cidades próximas. Trátase de vilas cunha poboación que a miúdo non chega aos 10 000 habitantes e unha estrutura urbana precaria. Con todo, son básicas para abastecer de servizos e proporcionar emprego nestas áreas rurais de Galicia, case todas interiores. Falamos de Cee, Ribeira, Vilagarcía, Lalín, Vilalba, Monforte, Verín ou O Barco.

As cidades galegas conforman o **Eixo Atlántico**. Este grupo de cidades comezaría en Ferrol e correría ao longo da AP-9, ata Tui. Esas relacións esténdense ao interior, cara Ourense e Lugo e cara ao extremo setentrional dunha rede urbana que se prolonga en Portugal ata O Porto, ao abeiro da libre circulación de mercadorías e traballadores propiciada pola UE.



O sistema de cidades en Galicia

Formas de ocupación do espazo urbano nas cidades españolas e galegas: usos do solo

Ao falar de usos do solo referímonos ás funcións que asume cada un dos barrios da cidade.

Os usos do solo en España están delimitados por lei, de maneira que os concellos definen no [PXOM](#) (Plan Xeral de Ordenación Municipal) os usos que poden asumir cada un dos barrios da cidades, as características das edificacións ou os equipamentos públicos que deben conter.

O **casco histórico** é o núcleo orixinal das cidades españolas e galegas. Na maior parte dos casos, as cidades españolas son de fundación romana (Lugo, Mérida) ou medieval (Pontevedra, Bilbao). Un caso particular é a Magdalena de Ferrol, construído para aloxar aos enxeñeiros e os militares que no século XVIII viñeron traballar ao estaleiro.

Os cascos históricos conservan a miúdo as rúas estreitas e sinuosas, pouco aptas para

os vehículos, e as edificacións baixas en pedra ou madeira. As incomodidades dos cascos históricos leváronos a perder poboación desde mediados do século pasado.

Moitos cascos históricos convertéronse en redutos marxinais, como os de Vigo ou Barcelona. Outros foron rehabilitados e recuperaron poboación, como é o caso de Santiago ou Salamanca. Os seus monumentos fixeron deles un reclamo turístico e enchéronse de comercios e locais de hostalaría. Decote as institucións políticas, como os concellos, localízanse tamén nos cascos históricos.



O Ensanche de Barcelona trazado no século XIX

Situado a carón do casco histórico na zona central das cidades, o **ensanche** comparte as funcións do casco histórico. En cidades cunha forte actividade económica, adoita ser o barrio onde as grandes empresas instalan **as súas sedes e oficinas**, polo que, para albergar estes usos, os vellos edificios foron en ocasións substituídos por enormes rañaceos.

Na súa orixe os Ensanches eran os barrios que a burguesía –a clase acomodada– fixo construír desde mediados do XIX. Tiña anchas rúas que se cruzaban en perpendicular e as vivendas contaban cun estilo arquitectónico, **o modernismo**, moi elegante.

O Ensanche máis famoso é o de Barcelona. En Galicia, só Vigo e A Coruña teñen Ensanche, xa que foron as únicas cidades galegas onde prosperou a burguesía.



As Torres Kio dominan o Paseo de la Castellana, en Madrid


Durante o franquismo (1939-1975) creceron arredor destes núcleos os **barrios obreiros**. Neles aloxábanse os campesiños que o éxodo rural facía afluír ás cidades. As edificacións eran de mala calidade e os equipamentos públicos moi escasos, ademais como as densidades de poboación eran elevadísimas, contaban tamén cunha densa rede de comercios retalistas.

Os usos residenciais son a función principal dos modernos polígonos de vivendas. Edificados desde o final do franquismo, están mellor provistos de equipamentos públicos e zonas verdes que os barrios obreiros. Xunto cos barrios obreiros, os polígonos de vivendas concentran a maior parte da poboación das cidades españolas e galegas.

Estes barrios localízanse no espazo periférico das cidades, rodeando ao conxunto formado polo casco histórico e o Ensanche. Mais a cidade actual esténdese moitos quilómetros alén do seu núcleo central. Nas aforas das cidades xorden polígonos industriais, centros comerciais, infraestruturas de transporte, instalacións deportivas, campus universitarios e complexos hospitalarios.

Denomínase **espazos periurbanos** á area onde se localizan estas funcións urbanas. Os espazos periurbanos realizan a transición entre a cidade central e as cidades satélites ou os espazos rurais. Os espazos periurbanos aprovéitanse tamén para urbanizacións residenciais de baixa densidade, compostas a miúdo por vivendas unifamiliares, ou resérvanse para cintos verdes.

Terreos e tipo de uso



Usos do solo no concello de Barcelona.

Actividades

1. Procura en Internet o plano da túa cidade, ou dunha cidade que coñezas ben. Delimita con cores sobre o plano os distintos usos do solo e zonas da cidade que se explicaron neste apartado.


Esta presentación sobre Donostia-San Sebastián ofrécete un exemplo de como se estruturan os usos do solo na cidade, que é no que debes fixarte. Ademais, a presentación relaciona os usos do solo coa evolución histórica da cidade e os tipos de plano urbano.

2. Cando remates a actividade anterior podes elaborar unha guía turística sobre a cidade coa que traballaches no exercicio 3. Inclúe os seguintes datos:


- a. Mapa coa delimitación de usos do solo.
- b. Poboación da cidade e densidade de poboación.
- c. Breve reseña histórica da cidade.
- d. Lugares a visitar en cada un dos barrios (monumentos, tendas, espazos de ocio, etc.).

3. Mira esta gráfica sobre a evolución da poboación da Coruña e Madrid e aplica estes enunciados a unha das cidades segundo corresponda.

A Coruña



Madrid



- a. É unha cidade de pequeno tamaño.
- b. Triplicou a súa poboación entre 1940 e 1970.
- c. Freou o crecemento da súa poboación nos 70.

d. Freou o crecemento da súa poboación nos 90.

e. É capital dun Estado do primeiro mundo.

f. A poboación creceu levemente no inicio do s. XXI.

g. É unha metrópole de gran relevancia en Europa.

h. Multiplicou por 5 a súa poboación ao longo do s.XX.

4. Relaciona estes sectores coa súa situación habitual na cidade.

Casco histórico:

Áreas comerciais:


Polígonos industriais:

Ensanche:

Polígonos residenciais:

Barrios obreiros:

5. Observa o mapa e identifica as principais vilas e cidades galegas.



___ Ferrol

___ Lugo

___ A Coruña

___ Pontevedra

___ Vilagarcía

___ Marín

___ Arteixo

___ Verín

___ Monforte

___ Vigo

___ Redondela

___ Narón

___ Cee

___ Viveiro

___ Ribeira

___ Cangas

___ O Barco

___ Ourense

___ Vilalba

___ Santiago

___ Carballo

Ao peche

Que aprendiches?

1. Completa este esquema.

Avalíate

2. Indica se os seguintes enunciados sobre poboación urbana mundial son verdadeiros ou falsos.

- a. Non todos os países empregan os mesmos criterios para distinguir os núcleos urbanos dos rurais.

Verdadeiro

Falso

-
- b. O criterio máis utilizado é o da poboación. En España son cidades todos os núcleos de poboación con máis de 10 000 habitantes.

Verdadeiro

Falso

- c. Desde o Neolítico as sociedades humanas sempre viviron preferentemente en hábitats urbanos.

Verdadeiro

Falso

- d. Ata o século XIX moi poucas cidades mundiais superaran o millón de habitantes.

Verdadeiro

Falso

- e. Na actualidade a maior parte de cidades do mundo superan o millón de habitantes.

Verdadeiro

Falso

- f. Os continentes con maior porcentaxe de poboación urbana son Latinoamérica, Asia e África.

Verdadeiro

Falso

- g. O continente con maior número de megacidades é Asia.

Verdadeiro

Falso

- h. As megacidades adoitan formar extensas áreas metropolitanas coas cidades máis pequenas que teñen ao seu redor: falamos entón de megalópoles.

Verdadeiro

Falso

- i. Cando a actividade económica ou científica das megalópoles repercute en todo o mundo, falamos de cidades globais.

Verdadeiro

Falso

3. Indica se son verdadeiros ou falsos estes enunciados sobre a poboación urbana europea, española e galega.

- a. Europa é un dos continentes do mundo con menor taxa de urbanización.

Verdadeiro

Falso

- b. En Europa está a diminuír a porcentaxe de poboación urbana.

Verdadeiro

Falso

c. En España a porcentaxe de poboación urbana é maior que en Europa. Case o 90% da poboación vive en espazos rurais.

Verdadeiro

Falso

d. En Europa e España predominan as cidades de mediano e pequeno tamaño.

Verdadeiro

Falso

e. As cidades europeas están a crecer na actualidade a gran velocidade.

Verdadeiro

Falso

f. En Galicia as cidades son de pequeno tamaño. Vigo, a máis poboada, non supera os 300 000 habitantes.

Verdadeiro

Falso

g. As cidades galegas forman parte do Eixo Atlántico de cidades, que se estende ata o norte de Portugal.

Verdadeiro

Falso

h. As cidades galegas non son tan grandes como para formaren áreas metropolitanas.

Verdadeiro

Falso

i. As cidades galegas concéntranse preferentemente na costa.


Verdadeiro

Falso

4. Observa este gráfico e escolle a resposta adecuada.

Porcentaxe de poboación que vive en áreas urbanas por Rexións, 1950-2050.

Fonte: UN World Urbanization Prospects, 2007.



a. Na actualidade viven en cidades...

b. No ano 1950 vivían en cidades...

c. No futuro, a poboación urbana do mundo...

d. A poboación dos países desenvolvidos...

e. Se no ano 2050 viven no planeta 10 000 millóns de persoas...

5. Relaciona cada unha das áreas da cidade coa súa función principal.

a. Casco histórico.

- | | | | |
|-----------------------|-----------------------------------|-----------------------|---------------------|
| <input type="radio"/> | Sedes de institucións e empresas. | <input type="radio"/> | Turística |
| <input type="radio"/> | Recreativa | <input type="radio"/> | Todas as anteriores |

b. Complexos hospitalarios.

- | | | | |
|-----------------------|----------------------------------|-----------------------|-------------|
| <input type="radio"/> | Sanitaria | <input type="radio"/> | Residencial |
| <input type="radio"/> | Sedes de institucións e empresas | | |

c. Barrios obreiros.

- | | | | |
|-----------------------|---------------------|-----------------------|-------------|
| <input type="radio"/> | Industrial | <input type="radio"/> | Residencial |
| <input type="radio"/> | Todas as anteriores | | |

d. Cintos verdes.

- Recreativa Educativa
- Turística

e. Polígonos industriais

- Industrial Residencial
- Sedes de institucións

f. Campus universitarios.

- Recreativa Educativa
- Residencial

g. Urbanizacións

- Turística Recreativa
- Residencial

6. Selecciona a opción correcta e completa estes parágrafos sobre a xerarquía urbana en Europa.

En Europa podemos distinguir tres categorías principais de cidades:

As cidades , cuxo único exemplo en Europa é , as metrópoles internacionais, como é o caso de , Moscova e Istambul e as metrópoles , que son cidades un pouco máis , como ou Ámsterdam.

As cidades globais e as metrópolis comparten un forte peso demográfico, económico e político. Londres destaca entre todas elas polas dimensións do seu sector .

As metrópolis nacionais dinamizan a economía dos Estados dos que forma parte. Frecuentemente están especializadas nalgunha función concreta.

, a capital da UE, ten forte peso político. Roma ou xeran moitos ingresos co turismo, mentres que nas cidades alemás os ingresos proveñen da .

7. Relaciona estes conceptos coa súa definición.

Cidade central

Área urbana que resulta do crecemento e unión de varias áreas metropolitanas e supera os 30 millóns de habitantes.

Megalópole

Extensa área urbanizada que comprende cidades de distinto rango moi próximas entre si.

Segregación urbana

Emigración masiva de campesiños cara a cidade.

Cidades globais

Nunha área metropolitana, a cidade de maior rango, que prové de servizos ás demais cidades da área.

Smog

Proceso pola cal certos barrios da cidade concentran a poboación con menos recursos.

Área metropolitana

O aire das cidades cando se carga do fume que producen os vehículos ou os aparatos de climatización.

Éxodo rural

Aquelas cuxo peso económico, político e demográfico convérteas en referencia da economía mundial.

8. Identifica o nome das principais redes urbanas de España.



1

5

2

6

3

7

4

8

Insular canaria

Madrileña

Andaluza

Val do Ebro



Cantábrica



Atlántica

Insular Balear

Levantina

9. Relaciona as seguintes cidades coa rede que lles corresponde:

Donostia

Madrid

Málaga

Barcelona

Alicante

Palma de Mallorca

Santiago

Zaragoza

A Coruña

Sevilla

10. Relaciona as seguintes cidades coa rede que lles corresponde:

Tenerife

Bilbao

Valencia

Granada

Xixón

Ourense

Cádiz

Murcia

Las Palmas

Vigo

11. Completa estes enunciados, sobre as consecuencias da vida urbana, coas afirmacións que consideres axeitadas. Ten en conta que pode ser correcta máis dunha alternativa.

As cidades máis grandes atraen máis poboación porque...

- necesitan moita man de obra.
- ofrecen empregos moi cualificados.
- teñen moitas vivendas baleiras.

12. Nas cidades predomina o sector servizos porque...

- ten os traballos máis cualificados e mellor pagados.
- os centros sanitarios e educativos ou as empresas financeiras adoitan instalarse nelas.

os da cidade non queren romper o lombo.

13. A especulación inmobiliaria prodúcese cando nunha cidade...

moita xente ou empresas compran vivenda para revendela ou alugala.

hai moitas vivendas baleiras.

hai poucas vivendas baleiras e moita xente que quere acceder a unha vivenda.

14. A segregación urbana é perigosa porque...

incrementa o prezo do solo nos barrios máis elegantes.

fai que a poboación dos barrios marxinais teña un menor nivel educativo.

fai que a poboación dos barrios marxinais teña maiores índices de criminalidade e desemprego.

15. A contaminación do aire nas cidades prodúcese polo...

lixo que as persoas depositan adecuadamente nos contedores.

fume que xeran os medios de transporte e os aparatos de climatización.

ruído que producen os medios de transporte e os aparatos de climatización.

16. Localiza o intruso nestes grupos de cidades e completa o criterio que rexe o grupo.

Megacidades de Asia

Cidades globais

Metrópolis (nacionais) españolas

Rede Andaluza

Megacidades

Megacidades europeas

Rede levantina

Eixo Atlántico

Vilas galegas

Reforza

17. Completa estes enunciados coas dúas opcións que sexan verdadeiras.

A poboación urbana...

case toda a súa poboación traballa nos sectores secundario e terciario e teñen unha alta densidade de poboación.

As maiores cidades do mundo...

adoitan non ser moi grandes e teñen unha alta calidade de vida.

As cidades distínguense dos espazos rurais porque...

consisten nunha cidade moi grande que medra até se xuntar coas vilas dos arredores e forman grandes extensións urbanas.

As áreas metropolitanas...

é moi elevada nos países do primeiro mundo e é máis numerosa que a rural.

En Europa a poboación urbana...

superan os vinte millóns de persoas e atópanse sobre todo en Asia.

En Europa as cidades...

creceu desde a época da Revolución Industrial e é especialmente elevada na parte occidental.

18. Completa estes textos sobre as cidades españolas e galegas coas palabras que se che ofrecen.

atlántica • redes • A Coruña • Xunta de Galicia • Vigo
dez mil • Madrid • cen mil • vilas • metrópoles • Barcelona
levantina • Compostela


As dúas maiores cidades de España son ____ e _____. Pola importancia da súa actividade económica e a relevancia das decisións políticas que se toman nesas dúas cidades, consideramos que ambas teñen a categoría de ____ nacionais.

As cidades españolas organízanse en ____ urbanas, é dicir, conxuntos de cidades próximos entre si que comparten servizos e actividade económica. Barcelona, por exemplo, é a cidade principal da rede _____.

As cidades galegas forman parte da rede _____. Dúas cidades lideran esta rede: _____ e _____. Forman parte da rede outras cinco cidades que andan polos _____ habitantes: entre elas estaría _____, onde ten a súa

sede a _____. Tamén forman parte desa rede as _____, núcleos urbanos que se sitúan arredor dos _____ habitantes.

19. As cidades que aparecen neste mapa son as que superaban o millón de habitantes en 2006. Á vista do mapa, responde ás seguintes cuestións.



- a. Polo xeral a maior parte das cidades están...

- b. No interior dos continentes e nas latitudes polares hai menos cidades. Adoitan...

- c. As dúas áreas do mundo con menor presenza de cidades millonarias son...

- d. Pola contra a área onde máis cidades millonarias se rexistran é:

- e. En Asia a maior parte das cidades millonarias pertencen a dous estados...

- f. No caso da China a maior parte das cidades están concentradas...

20. Le con atención este texto e di se os enunciados de embaixo son verdadeiros ou falsos:

«Os *slums* ou 'barrios de chabolas' da periferia urbana non contan en absoluto con servizos públicos ou instalacións sanitarias. As áreas pobres das cidades latinoamericanas teñen en xeral mellores servizos públicos que o sur de Asia, onde, á súa vez, acostuman a contar cun mínimo de servizos urbanos, como auga e electricidade, dos que carecen moitos *slums* africanos. A contaminación da auga, a causa dos excrementos e desperdicios humanos e animais, segue a ser a causa de enfermidades diarreicas crónicas que matan no ano cando menos dous millóns de bebés e nenos pequenos das cidades. En urbes como Nairobi, os pobres deben utilizar «inodoros volantes» (defecar nunha bolsa de plástico). En Bombai, pola súa banda, hai un inodoro por cada 500 habitantes nos barrios máis pobres. Só o 11% dos barrios pobres de Manila e o 18 % de Daca contan con sumidoiros. Aparte da Sida, a ONU considera que dous de cada cinco habitantes de *slums* africanos viven nunha pobreza que constitúe, literalmente, unha «ameaza para a vida».

Adaptado de «Planeta de Cidades-Miseria». Mike Davis. 2004

- a. Os *slums* africanos están mellor equipados que os asiáticos e os latinoamericanos.

Verdadeiro

Falso

-
- b. Os *slums* carecen de auga e electricidade.

Verdadeiro

Falso

c. O principal problema dos barrios de chabolas é a falta de calefacción e auga quente nas vivendas.

Verdadeiro

Falso

d. Os barrios de chabolas adoitan carecer de servizos sanitarios, como sumidoiros e inodoros.

Verdadeiro


Falso

e. A carencia de servizos sanitarios causa múltiples enfermidades, que son especialmente perigosas para os adultos.

Verdadeiro

Falso

21. Imaxina que todas as cidades españolas se puideran esquematizar como unha serie de círculos concéntricos, tal e como ves na figura. En que círculo colocarías cada unha destas partes e as súas respectivas funcións urbanas?



1 ÁREA

FUNCIÓN S URBANAS

2 ÁREA

FUNCIÓN S URBANAS

3 ÁREA

FUNCIÓN S URBANAS

Amplía

22. Pensa nun problema específico do espazo urbano no que habites (ou que frecuentes). Redacta un escrito ou grava un vídeo no que expoñas o problema e unha solución e diríxeo aos responsábeis pertinentes.

- a. Describe o problema, engadindo o lugar onde se produce e as principais persoas afectadas.
- b. Recada opinións doutras persoas ou colectivos sobre ese problema.
- c. Propón unha solución factíble para o problema.
- d. Acompaña o teu texto de debuxos ou fotos que axuden a comprender o problema e a solución que propós.
- e. Localiza a persoa a quen debes remitir o teu escrito. Polo xeral, tratarase do concelleiro de obras do concello onde estea localizado o problema.

Actividade de síntese

- 23.** Elixe unha cidade que che resulte atractiva. Redacta unha composición dunhas trescentas palabras en que resumas a historia desa cidade. Acompañaa de imaxes que clarifiquen as túas ideas.

Glosario

Aglomeración urbana

Extensa área urbanizada que comprende varios núcleos urbanos unidos entre si.

Área metropolitana

Extensa área urbanizada que comprende varias cidades de diferente categoría: a máis grande actúa como cidade central e as demais como cidades satélite.

Cidade central

Nunha área metropolitana é a cidade de maior rango. Adoita ter maior poboación que os demais núcleos da área metropolitana e maior variedade de servizos.

Cidade satélite

Dentro dunha área metropolitana é unha cidade de menor rango que a cidade central. Os habitantes da cidade satélite necesitan desprazarse á cidade central para certas actividades cotiás, como o traballo, a educación ou as compras.

Densidade de poboación

Relación entre o número de habitantes e o territorio que ocupan. Para obtela, hai que dividir o total de habitantes entre a superficie, medida en quilómetros cadrados. A densidade de poboación dunha cidade adoita estar entre os 2000 e os 10 000 h/km².

Especulación inmobiliaria

Suba esaxerada dos prezos da vivenda. Prodúcese cando numerosas persoas ou empresas compran vivenda non para residir nela ou alugala, senón para revendela co máximo beneficio.

Éxodo rural

Emigración masiva do campo cara a cidade. Coa emigración estes campesiños adoitan cambiar de traballo, ao se converteren en traballadores industriais ou do sector servizos.

Gueto

Barrio da cidade onde se concentra a poboación desfavorecida.

Hipertrofia urbana

Fenómeno que describe o crecemento desmesurado da poboación dunha cidade, en especial comparada coas cidades próximas.

Industrialización

Período de tempo na que os países comezan a industrializarse, é dicir, a mecanizar a súa produción. Na maior parte de Europa produciuse ao longo do século XIX. Noutros países, como os do terceiro mundo, a industrialización aínda está pendente.

Infraestruturas de transporte

Espazos habilitados para o transporte de persoas e mercadorías, como portos, aeroportos, estradas, estacións de autobuses vías e estacións de ferrocarril, etc. Polo xeral, son de carácter público, é dicir, o Estado é o seu propietario e fináncianse con impostos.

Megacidade

Cidade que supera os dez millóns de habitantes.

Megalópole

Área urbana que resulta do crecemento e unión de varias áreas metropolitanas e supera os 30 millóns de habitantes.

Núcleo de poboación

Asentamento humano caracterizado polo agrupamento das edificacións que o constitúen. En España considérase núcleo de poboación a aqueles asentamentos con dez casas ou máis.

Primeiro mundo

Son os países cos mellores índices de calidade de vida. A súa poboación goza dun elevado nivel cultural e de ingresos, atención sanitaria, etc. Entre este países estarían os europeos, EE.UU., Canadá, Australia ou Xapón. Tamén lles chamamos *países desenvolvidos*.

Rede urbana

Conxunto xerarquizado de cidades que comparten servizos e outras relacións económicas e sociais.

Sociedades preindustriais

Son todas aquelas onde non existe industria, é dicir, máquinas que fabriquen produtos. Son as sociedades anteriores ao século XVIII, como a exipcia, a grega, a romana, a medieval, as culturas precolombinas...

Terceiro mundo

Países sen industrializar, con altas taxas de analfabetismo e pobreza. Están nesta categoría a maioría de países africanos e asiáticos, mais tamén algúns latinoamericanos. Tamén lles chamamos *países subdesenvolvidos*.

Vías públicas

Espazo común por onde transitan o tráfico e os peóns.

Ligazóns

Contaminación luminosa

https://gl.wikipedia.org/wiki/Contaminaci%C3%B3n_luminosa

Observación espacial

<http://safeshare.tv/v/vv8HHdpt8Es>

Meteogalicia. Brillo do ceo

<http://www.meteogalicia.es/Caire/brillodoceo.action>

Rede española de estudos sobre a contaminación lumínica

<http://guaix.fis.ucm.es/splpr/SQM-REECL>

Evita a contaminación lumínica

<http://www.celfosc.org/esp/5minutos.html>

Un mundo de ciudades

<http://www.unicef.org/sowc2012/urbanmap/?lan=sp>

Catal Huyuk

<https://reydekish.com/2015/08/21/catal-huyuk/>

Babilonia

<http://www.kadingirra.com/babylon.html>

Roma

<http://safeshare.tv/v/BwAW80IASIM>

Xi'an, berce da civilización chinesa

<https://www.viaje-a-china.com/guia-xian/>

Constantinopla

<http://safeshare.tv/v/6LE8TVQRzXs>

Córdoba califal

<http://safeshare.tv/v/5HqXdTxnEnM>

Cusco 360°

<http://www.cusco360.com/>

Tombuctú

<http://safeshare.tv/v/6vWqQWoKXvY>

Indice do Dow Jones

<http://www.eleconomista.es/indice/DOW-JONES>

A desigualdade parte Nova York en dous

http://internacional.elpais.com/internacional/2016/01/02/actualidad/1451775291_943339.html

Quen xenera máis lixo? Mapa dos países que xeneran máis residuos urbanos

<http://www.geografiainfinita.com/2013/11/quien-genera-mas-basura-mapa-mundial-de-los-residuos-urbanos-2/>

As 50 compañías máis grandes do mundo

http://elpais.com/elpais/2015/01/03/media/1420313120_908166.html

Viaxe ao corazón de la «Banlieue»

http://elpais.com/elpais/2013/06/27/eps/1372354945_948775.html

Bilbao: A transformación fascinante

<http://safeshare.tv/v/q5a-glYvYPA>

Que é unha smart city?

http://safeshare.tv/v/lKpoi8lf_tI

Smart City da Coruña

<http://www.coruna.es/servlet/Satellite?c=Page&d=&cid=1377134531332&pagename=Smart/Page/Generico-Page-Generica&argIdioma=gl>

Distrito financeiro

https://es.wikipedia.org/wiki/Distrito_financiero

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2020

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Autores dos contidos: Felix Longueira Fafián, Davide Loimil González, Xosé Antón García González.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2020.

ISBN: 978-84-122353-5-7